

Resolución da Axencia Galega de Infraestruturas, pola que se acorda someter o expediente de cambio de clase do treito da estrada AG-57-N, AG-57 - Praia América (PO-325) entre os PK 3+020 e PK 3+820 a información pública e ao informe das administracións territoriais afectadas

ANTECEDENTES

A autoestrada do Val Miñor (AG-57) e o seu ramal AG-57-N a Nigrán, atópanse en servizo desde o 24 de maio de 1999.

Ao longo dos primeiros anos da súa explotación constatáronse importantes limitacións nesta autoestrada relacionadas coa súa accesibilidade, provocadas polo incremento de movementos cara á costa.

Isto deu lugar á consideración de que a conformación inicial dos enlaces de acceso á autoestrada AG-57 resultaban insuficientes para a prestación do servizo aos municipios do sur da comarca de Vigo como consecuencia do seu desenvolvemento.

Para dar solución aos problemas de accesibilidade provocados polo incremento de movemento cara á costa, foi preciso executar, entre outras actuacións, un novo enlace na estrada AG-57-N no PK 3+020 mediante unha glorieta a nivel que facilitou o acceso ao polígono industrial de Porto do Molle. Este nó viario foi posto en servizo o 30 de xuño de 2010.

Por outra parte, o Catálogo da Rede Autonómica de Estradas de Galicia foi aprobado polo Decreto 100/2021, do 24 de xuño, e publicado no Diario Oficial de Galicia número 129, do 8 de xullo de 2021.

No antedito Catálogo da Rede Autonómica de Estradas de Galicia, figura a estrada AG-57-N coa denominación AG-57 - Praia América (PO-325) e coa clasificación de autoestrada de entre as clases de estradas previstas no artigo 4 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia.

A Axencia Galega de Infraestruturas elaborou a documentación que xustifica e define a proposta de cambio de clase do treito da estrada AG-57-N coa denominación AG-57 - Praia América (PO-325) entre os PK 3+020 e PK 3+820.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

O artigo 10 do Regulamento Xeral de Estradas de Galicia, aprobado por Decreto 66/2016, do 26 de maio, regula o expediente de cambio de clase das estradas e a súa tramitación, establecendo que os documentos que forman o expediente, unha vez redactados pola



administración titular da estrada, someteranse a un trámite de información pública e, simultaneamente, ao informe das administracións territoriais afectadas.

Á vista de todo o que antecede,

RESOLVO:

Tramitar o expediente de cambio de clase do treito final da estrada AG-57-N coa denominación AG-57 - Praia América (PO-325) entre os PK 3+020 e PK 3+820 segundo o procedemento establecido no artigo 10 do Regulamento Xeral de Estradas de Galicia, aprobado por Decreto 66/2016, do 26 de maio, o cal supón:

- Sometelo a un trámite de información pública que se levará a cabo durante un prazo de trinta (30) días hábiles. Durante ese prazo, a documentación que forma o expediente estará a disposición da cidadanía na páxina web oficial da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e, en días e horas hábiles de oficina, nos locais da Axencia Galega de Infraestruturas en Santiago de Compostela (Edificio Administrativo de San Caetano, s/n), no Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas en Pontevedra (Avda. M^a Victoria Moreno, 43, 1^o), e na Casa do Concello de Nigrán (Praza da Constitución s/n, 36350 Nigrán). As alegacións presentadas neste procedemento deberán versar sobre a xustificación de que a estrada, ou o seu treito, reúne os requisitos necesarios para que sexa modificada a súa clasificación na forma proposta no expediente.
- Sometelo ao informe do Concello de Nigrán, da Deputación Provincial de Pontevedra e da Administración Xeral do Estado, como administracións territoriais afectadas polo ámbito da actuación para que, nun prazo de trinta (30) días hábiles, examinen se a clasificación proposta no expediente é a máis adecuada para os seus intereses e informen sobre ese aspecto.

Santiago de Compostela, á data da sinatura dixital

A directora da Axencia Galega de Infraestruturas

María Deza Martínez

(documento asinado dixitalmente)

